



CIRCULAR 29-2019.

XXXII CAMPIONATO DE GALICIA SUB16 DE PISTA CUBERTA

- A todas as Delegacións da F.G.A.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A F.G.A organiza o XXXII Campionato de Galicia Sub16 de pista Cuberta que terá lugar na Pista Cuberta de Ourense o vindeiro sábado día 2 de marzo do 2019.

Art.2).- Poderán participar todos/as aqueles/as atletas da categoría que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo a tempada actual (2018/19) por algún club pertencente á Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs doutras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados/as expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes 26 de febreiro do 2019. Lémbrese a obrigatoriedade de especificar a data e lugar da marca nas inscricións.

Art.4).- Entregaranse medallas ós/ás tres primeiros/as atletas sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, agás nos saltos que poden levar por diante ou por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.6).- Durante o transcurso do Campionato, un/a atleta pode ser excluído/a de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificara nas eliminatorias e non participase na rolda seguinte ou ben que confirmara a inscrición e non participe. Agás casos autorizados directamente polo Comité Técnico.

Art.7).- En todas as carreiras, a confección das series realizarase en función dos rexistros que posúan os/as atletas na presente tempada, ou no seu defecto na tempada anterior. Antes da saída, comunicárase ós/ás participantes o sistema de clasificación para a seguinte rolda en caso de que a houbese, decidida pola organización

Art.8).- Limitacións de probas: Cada atleta só poderá participar nun máximo de 2 probas. No caso de participar en dúas carreiras, só poderá realizarse unha de máis de 200m.

Art.9).- Será obrigatorio a presentación na cámara de chamadas debidamente acreditados con licenza, D.N.I. ou calquera outro documento con foto, incluídos os que figuran en plataformas informáticas, dentro dos prazos estipulados, para poder participar.



SAÍDA A PISTA TRAS A PRESENTACIÓN EN CÁMARA DE CHAMADAS

Carreiras: 10min antes da hora oficial da proba

Carreiras valadas: 15min antes da hora oficial da proba

Concursos (agás pértega): 30min antes da hora oficial da proba

Pértega: 45min antes da hora oficial da proba

Entrada en Cámara de chamadas: ata cinco minutos antes da saída oficial a pista.

Os/as atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír coa camiseta na man ou gardada. Poderá permitirse a entrada á pista de atletas posteriormente sempre e cando non iniciase a proba, sen que en ningún caso, supoña retraso do inicio da mesma.

Art.10).- As distancias das táboas decidiranse en función das marcas dos participantes (podendo chegar ata 2)

Art.11).- As cadencias das alturas publicarase conxuntamente con a lista de inscritos/as.

Art.12).- Poderán participar todos/as aqueles/as atletas que acadasen as seguintes mínimas:

HOMES	Marcas realizadas na tempada 2017/18 (dende 31/03/2018)		Marcas realizadas na tempada 2018/19	
	Sub16	Sub14 2º		Sub16
100/80	12.80	10.85	50	6.80
150	-----	21.20	60	8.35
300	41.25	-----	300	43.00
500/600	1.42.00	1.26.00	600	1.48.00
1.000	3.00.00	3.05.00	1.000	3.10.00
3.000	10.45.00	11.15.00	3000	
100v/80v	17.50	16.90	3000	11.20.00
			50v	9.75
300v/220v	47.50	37.20	60 v	11.25
Lonxitude	5.05	4.50	Lonxitude	4.70
Triplo Salto	10.40	9.00	Triplo salto	10.00
Altura	1.56	1.45	Altura	1.48
Pértega	2.40	2.05	Pértega	2.20
Peso	10.40	8.65	Peso	8.50

MULLERES	Marcas realizadas na tempada 2017/18 (dende 31/03/2018)		Marcas realizadas na tempada 2018/19	
	Sub16	Sub14 2º		Sub16
100/80	13.90	11.80	50	7.40
150	-----	21.50	60	8.90
300	45.85	-----	300	47.00
500/600	1.52.00	1.32.00	600	1.55.00
1.000	3.25.00	3.30.00	1.000	3.35.00
3.000	12.00.00	12.15.00	3.000	12.30.00
100/80v	18.00	16.00	50 v	9.25
300v/220v	53.50	38.00	60v	11.00
Lonxitude	4.65	4.30	Lonxitude	4.40
Triplo Salto	9.70	9.00	Triplo salto	9.20
Altura	1.43	1.34	Altura	1.38
Pértega	2.10	1.90	Pértega	2.00
Peso	8.00	7.45	Peso	7.50



Art.13).- Horario provisional da competición (o horario pode sufrir modificacións en función das inscricións)

HORARIO PROVISIONAL						
XORNADA DE TARDE						
			16.00	Lonxitude	HOMES	FINAL
				Altura	MULLERES	FINAL
			16.15	Peso	MULLERES	FINAL
60	MULLERES	Series	16.30			
60	HOMES	Series	16.50			
600	MULLERES	FINAL	17.10	Pértega	H/M	FINAL
			17.20	Lonxitude	MULLERES	FINAL
600	HOMES	FINAL	17.25			
300	MULLERES	Semifinal	17.40	Peso	HOMES	FINAL
300	HOMES	Semifinal	18.00			
60	MULLERES	Semifinal	18.20			
60	HOMES	Semifinal	18.30			
			18.40	Triplo	MULLERES	FINAL
1000	MULLERES	Final	18.50			
1000	HOMES	Final	19.05	Altura	HOMES	FINAL
60 valados	HOMES	Semifinal	19.15			
60 valados	MULLERES	Semifinal	19.25			
300	MULLERES	Final	19.40			
300	HOMES	Final	19.45			
3000	MULLERES	Final	19.55	Triplo	HOMES	FINAL
3000	HOMES	Final	20.15			
60 valados	HOMES	Final				
60 valados	MULLERES	Final				

*Realizarase unha ou dúas finais en función dos inscritos

Art.14).- A responsabilidade das inscricións dos/as atletas, agás os que sexan independentes, corresponderá ó seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a, non participa finalmente no Campionato, a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fatletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos).
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado: 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.

Art.15).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, ás normas da FGA (ver normas técnicas FGA 2018-2019), RFEA e IAAF.

A Coruña, a 11 de febreiro de 2019



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo